



CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACTIVIDADES ESTUDIANTE 2020 (Resolución do 05.02.2020)

Ampliación do prazo para que as Asociacións admitidas presenten modificacións do programa orixinalmente proposto, debido á situación sanitaria causada pola COVID 19.

Con motivo da situación sanitaria provocada pola COVID19, ditouse o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma (BOE nº 65 do 14.03.2020), conlevou a adopción de medidas de confinamento, limitacións de desprazamentos, de distancias de seguridade mínima entre persoas, etc.

O cumprimento das recomendacións das autoridades sanitarias dirixidas a reducir a expansión do COVID-19 puxeron de manifesto que parte das actividades propostas polas Asociacións estudantís, e admitidas pola Resolución do 09.03.2020, non se poden desenvolver.

O apartado 7 das bases desta convocatoria do 05.02.2020, dispón que: *Calquera modificación substancial do programa orixinalmente proposto deberalle ser notificada á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, para obter a súa autorización.*

Co fin de facilitar o obxecto desta convocatoria, estimular e incrementar as actividades realizadas polo estudantado nos ámbitos científico, deportivo e cultural, co obxectivo de fomentar hábitos participativos e difundir o coñecemento xerado na nosa institución.

Esta Vicerreitoría, resolve abrir un prazo extraordinario do 18 ao 29 de maio de 2020, para que as Asociacións que figuran na Resolución do 09.03.2020, propoñan novas actividades a realizar, no marco da situación actual xerada pola COVID 19.

As propostas deben enviarse ao correo electrónico do Servizo de Estudantes, no prazo estipulado: servizo.estudantes@udc.gal

De conformidade co disposto na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, de declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada polo COVID-19, os prazos e termos desta convocatoria non resultan suspendidos por se tratar dunha medida indispensable para o funcionamento básico do servizo público do ensino superior.

A Coruña, 13 de maio de 2020

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña